

# boletín do cesg

Colexio de  
Educadores Sociais  
de Galicia

Nº25 OUTUBRO 2005



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

---

Rúa Gómez Ulla, 7-3º  
15702 Santiago de Compostela  
[cesg@colexioeducadores.com](mailto:cesg@colexioeducadores.com)

## ENCONTRO CON ANXO QUINTANA

Tras o recente cambio de Goberno na nosa comunidade, no Colexio de Educadores Sociais tivemos que poñernos mans á obra para replantexarlles aos/ás novos/as responsables políticos as nosas demandas e reivindicacións nas distintas áreas que nos incumben.

Entre as reunións que mantivemos ata o de agora cos novos responsables do Goberno, destaca a visita ás nosas instalacións do Vicepresidente da Xunta, D. Anxo Quintana González. Este encontro, que tivo lugar o pasado día 1 de outubro enmarcado na iniciativa “O Vicepresidente escoita”, foi organizado co fin de expoñer as nosas demandas e opinións sobre o estado actual dos servizos sociais en Galicia e as necesidades futuras de cara á acción dende a Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar da Xunta.

Tras un encontro privado co noso presidente e vicepresidenta, Anxo Quintana mantivo unha conversa durante máis dunha hora cun grupo de quince educadores/as sociais.

O Vicepresidente da Xunta deixou claro dende o principio que viña a escoitarnos a nós e que a súa visita debe interpretarse como un cambio respecto da concepción “paternalista” que o anterior Executivo tiña dos servizos sociais, para pasar a ser un “obxectivo de Goberno”. Así, Anxo Quintana invitounos a participar activamente na “revolución tranquila” dos servizos sociais que plantexa dende a Vicepresidencia de Igualdade e Benestar Social.

As nosas demandas centráronse na importancia do noso traballo e o escaso recoñecemento laboral dentro do entramado dos servizos sociais.

Os intervintes na xuntanza apostaron por un modelo socioeducativo no “que prime o educativo” e no que figuren con máis forza os educadores e educadoras sociais. Quintana aproveitou o encontro para anunciarnos a formación de equipos multidisciplinares a nivel provincial e comarcal que deseñen sobre o terreo as políticas de asuntos sociais, e a inclusión do educador/a social como parte fundamental destes grupos de traballo.

A necesidade urxente de mellorar a coordinación entre os centros de menores da comunidade foi outra das preocupacións sinaladas pola nosa parte. Ademais, criticamos o proceso de “privatización” dos servizos sociais levado a cabo nos últimos anos do anterior Goberno.

Outra das cuestións que plantexamos foi a ausencia de educadores/as sociais nos equipos técnicos que dende a Xunta se encargan de desempeñar os servizos sociais e, neste senso, suxerimos a revisión da Lei de Función Pública, que foi unhas das cuestións máis mencionadas no encontro.

O Vicepresidente recoñeceu a necesidade de modificación desta lei, estudando pormenorizadamente os cambios que se queren levar a cabo. Sinalou que será un proceso longo, polo que apostou por tomar medidas dende xa, contando coa xente á que ata o de agora a Administración non lle pedira a súa opinión.

O encontro concluíu coa invitación do Colexio a un novo encontro na mesma liña co Vicepresidente, para seguir afondando na situación deste eido e as posibles solucións que nós plantexamos. Cun aplauso e o agradecemento pola visita e a conversa cara a cara co vicepresidente, deuse por terminado o acto.

Esperamos que este primeiro contacto sexa o comezo dunha relación de participación e colaboración cos responsables das políticas sociais da nosa comunidade, que se traduza nunha mellora dos servizos sociais e da profesión de Educador/a Social.

Colexio de Educadores Sociais de Galicia

### **NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CESG:**

- “Boletín Xove de Información e Emprego Xuvenil”. Nº 137. Outubro 2005. Xunta de Galicia.
- “Boletín Aldizkaria” Nº 121. Agosto 2005. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- Revista “Perfiles. Revista general de política social” Nº 213. Outubro 2005. ONCE.
- “Boletín Apega” Nº 1. Asociación Profesional de Pedagogos/as de Galicia.
- SUÁREZ SANDOMINGO, J.M. (Coord.): *La interculturalidad pedagógica: nuevos enfoques, nuevas prácticas*. Axac. 2004.
- SUÁREZ SANDOMINGO, J.M. (Coord.): *Mediar para remediar conflictos*. Axac. 2005.



## ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Envío de escritos aos sindicatos: CC.OO., CIG, UXT e CSI-CSIF solicitando a defensa perante a Comisión Paritaria da substitución da categoría laboral da Xunta de Galicia por "Educaдор/a Social". Exposición de motivos en defensa da profesión de Educaдор/a Social.
- ✓ Encontro dos Educadores Sociais co Vicepresidente de Igualdade e do Benestar, Excmo. Sr. D. Anxo Quintana González na sede do CESG
- ✓ Solicitud de audiencia ao Director Xeral de Acción Social, Ilmo. Sr. D. Xosé Bieito Seara Formoso, e á Secretaria Xeral de Igualdade, Ilma. Sra. D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Adán Villamarín, co obxecto de manter unha primeira toma de contacto para posibles vías de colaboración cara o noso colectivo.
- ✓ Envío de escrito, en representación de todos os colexios de educadores/as sociais integrados en Asedes (Asociación Estatal de Educación Social), así como das Asociacións Profesionais de Educadores Sociais do resto de territorios do estado, solicitando se teña en conta ao noso colectivo na redacción da reforma da lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, de responsabilidade penal do menor.
- ✓ Envío de escrito de posicionamento, en representación dos colectivos de colexios e asociacións profesionais de educadores e educadoras sociais de España, á entidade *Master-D*, por inclusión no xornal *El Correo Gallego* de anuncios enganosos en detrimento da nosa profesión.
- ✓ Asistencia da Vicepresidenta do CESG, acompañada doutros membros da directiva, a un encontro en Santiago organizado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar sobre a inxedanza do novo goberno pola situación das mulleres galegas e polas entidades que traballan na promoción da muller nos distintos ámbitos.
- ✓ Asistencia do Secretario do CESG, en representación do colexio, á xornada "*Da dependencia á autonomía persoal: a visión da administración e dos axentes sociais*", organizadas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, en Santiago.
- ✓ Xestión e envío de solicitudes de traslado de expediente a outros colexios de educadores e educadoras sociais do resto do Estado, maioritariamente ao CEESCyL (Colegio de Educadores y Educadoras Sociales de Castilla y León).
- ✓ Xestión e envío de solicitudes de habilitación ao CEESCyL (Colegio de Educadores y Educadoras Sociales de Castilla y León).
- ✓ Interposición de Recursos de Reposición contra as bases para a contratación laboral temporal de animadores culturais nos seguintes concellos:
  - Concello de Brión (BOP de A Coruña de 6 de setembro)
  - Concello de Boiro (BOP de A Coruña de 6 de setembro)
  - Concello de Muros (BOP de A Coruña de 21 de setembro)
  - Concello de Coristanco (BOP de A Coruña de 22 de setembro)
  - Concello de Vedra (BOP de A Coruña de 24 de setembro)
  - Concello de Tordoia (BOP de A Coruña de 24 de setembro)
  - Concello de Betanzos (BOP de A Coruña de 27 de setembro)
  - Concello de Trazo (BOP de A Coruña de 29 de setembro)
  - Concello de Moeche (BOP de A Coruña de 3 de outubro)
  - Concello de Rois (BOP de A Coruña de 3 de outubro)
  - Concello de Paderne (BOP de A Coruña de 5 de outubro)
  - Concello de Dumbría (BOP de A Coruña de 10 de outubro)
  - Concello de Oleiros (BOP de A Coruña de 11 de outubro)
  - Concello de Ames (BOP de A Coruña de 11 de outubro)
  - Concello de Fisterra (BOP de A Coruña de 13 de outubro)
  - Concello de Outes (BOP de A Coruña de 30 de setembro, corrección de erros no de 14 de outubro)
  - Concello de A Laracha (BOP de A Coruña de 14 de outubro)
  - Concello de A Baña (BOP de A Coruña de 14 de outubro)
  - Concello de Camariñas (BOP de A Coruña de 17 de outubro, corrección de erros no de 20 de outubro)
  - Concello de Porto do Son (BOP de A Coruña de 20 de outubro)
  - Concello de Lousame (BOP de A Coruña de 13 de outubro, modificación no de 20 de outubro)
  - Concello de Arteixo (BOP de A Coruña de 22 de outubro)
  - Concello de Sobrado dos Monxes (BOP de A Coruña de 22 de outubro)
  - Concello de Oroso (BOP de A Coruña de 24 de outubro)
  - Concello de Vimianzo (BOP de A Coruña de 24 de outubro)

## ARTIGO DE INTERESE

### **GRUPO DE TRABAJO: FAMILIAS**

A proposta da posta en marcha deste grupo de traballo xorde durante o desenvolvemento do Espazo de Encontro "*Educación Social con Infancia e Familia en dificultade social*" (21 e 28 de maio de 2005). Tanto os relatores invitados como os/as educadores/as sociais participantes no encontro chegamos á conclusión de que a resposta ás necesidades sociais dos grupos cos que traballamos demandaba cambiar a nosa actitude de queixa e lamentación nos distintos foros por outra baseada no compromiso, o activismo, a participación e o traballo en equipo para o exercicio dunha maior presenza pública na sociedade galega e para avanzar nunha intervención socioeducativa de calidade e desde os principios éticos da profesión. O CESG impulsa e facilita esta demanda, á que posteriormente se suman outras persoas colexiadas interesadas en traballar no ámbito de familias e infancias. O grupo tivo a súa primeira xuntanza o día 24 de setembro ás 11:00 horas na sede do CESG.

Fixamos os seguintes obxectivos para o traballo do grupo:

- deseñar instrumentos de traballo e metodoloxías propias da educación social para o traballo con familias, infancias e adolescencias en situación de vulnerabilidade social.
- constituírse nun grupo que investigue de necesidades da profesión no ámbito da intervención con familias;
- elaboración de propostas e documentos para o debate e a reflexión.
- Organizar accións de formación específica para o propio grupo ou para outros profesionais da educación social.
- Colaborar con distintas entidades e institucións especializadas neste ámbito.

Dentro deste grupo créanse dúas liñas de traballo, unha que se centrará no deseño e mellora de técnicas e instrumentos metodolóxicos propios para o traballo con familias e outra liña que afondará no modelo de intervención socioeducativa con familias, infancias e adolescencias. O traballo do grupo realízase basicamente a través de INTERNET con xuntanzas periódicas cada tres meses. Se te animas a participar en calquera dos grupos acude á vindeira xuntanza que terá lugar o 17 de decembro ás 11:00 horas no Centro Cívico de Labañou, na cidade de A Coruña. Se desexas participar xa ponte en contacto co CESG.

Vocalía de Formación e participación colexial.

## FORMACIÓN CONTINUA

### CURSO DE HABILIDADES SOCIAIS

**Organiza:** Asociación Panda.

**Datas:** 18 e 19 de novembro.

**Lugar:** A Coruña.

**Prezo:** Socios: 24 €. Estudiantes e parados: 30 €. Outros: 90 €.

**Información:** www.asociacionpanda.com

Tel.: 625 042 313

### CURSO BÁSICO DE XESTIÓN DE ASOCIACIÓN (On line)

**Organiza:** Fundación Gestión y Participación Social

**Datas:** do 22 de novembro ao 3 de decembro.

**Prezo:** 58 €.

**Información:** www.asociaciones.org

formacion@asociaciones.org

Tel.: 91 223 04 14

### XORNADA: PERSOAS SEN FOGAR

**Organiza:** Fundación La Caixa.

**Lugar:** Madrid. Centro La Caixa (C/ Arapiles, 15)

**Data:** 17 de decembro.

**Información:** www.fundacio.lacaixa.es

info.fundacio@lacaixa.es

Tel.: 902 22 30 40

### IV XORNADAS DO SEMINARIO DE INTERVENCIÓN E POLÍTICAS SOCIAIS

**Organiza:** Obra social Caja Madrid.

**Datas:** Do 17 ao 19 de novembro.

**Lugar:** Madrid. Hotel Cuzco (Pº de la Castellana, 133)

**Información:** www.polibea.com/siposo

siposo@polibea.com

Tel./Fax: 91 759 53 72

### EDUCACIÓN EN VALORES E PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS EN ADOLESCENTES

**Organiza:** Centro de Humanización da Saúde.

**Datas:** Do 14 ao 17 de novembro.

**Lugar:** Madrid.

**Información:** www.humanizar.es

secretaria@humanizar.es

Tel.: 91 420 82 82

### MEDIACIÓN EDUCATIVA / ÁMBITO FORMAL E INFORMAL

**Organiza:** Col·legi Oficial d'Educadores i Educadors de la Comunitat Valenciana.

**Datas:** 18, 19, 25 e 26 de novembro.

**Prezo:** Parados, estudantes e colexiados/as do COEESCV: 40 €.

**Outros:** 50 €.

**Información:** www.coeescv.net

coeescv@coovescv.com

Tel.: 96 391 35 39

### SIMPOSIO: MENORES VULNERABLES. PREVENCIÓN SELECTIVA DO CONSUMO DE DROGAS. EXPERIENCIAS INTERNACIONAIS

**Organiza:** Instituto Deusto de Drogodependencias

**Data:** 1 de decembro.

**Prezo:** 36 €.

**Información:** www.idd.deusto.es

drogodependencias@idd.deusto.es

Tel./Fax: 944 13 90 83

### FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

#### CURSOS DE I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL

1) **CURSO BÁSICO DE INT. SOCIOLABORAL** (100 h.) (A distancia)

Especialidades: INMIGRANTES, MULLERES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE. (30 h. c/u)

Prezos das especialidades:	1 especialid.	3 especialid.	Aplicaráselle un desconto do 10% aos/ás colexiados/as do CESG.
Soporte papel	90 €	200 €	
Soporte CD-ROM	70 €	150 €	
Soporte Web	50 €	100 €	

2) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MAIORES** (125 h.) (A distancia)

3) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MENORES** (125 h.) (A distancia)

4) **CURSO DE ADOPCIÓNS E ACOLLEMENTOS** (125 h.) (A distancia)

5) **CURSO DE VIOLENCIA SOBRE AS MULLERES: ASPECTOS PSICOSOCIAIS E XURÍDICOS** (100 h.) (A distancia)

**Organiza:** I.S. Intervención Social

**Prezo:**

	Curso nº 1 (sen esp.)	Cursos nº 2, 3 e 4	Curso nº 5
Soporte papel	180 €	240 € c/u	200 €
Soporte CD-ROM	160 €	220 € c/u	180 €
Soporte Web	140 €	200 € c/u	150 €

Aplicaráselle un **desconto do 10%** aos/ás colexiados/as do CESG.

**Información:** I.S. Intervención Social

C/ Peñalara, 15, baixo esq.

41005 Sevilla.

Tel.: 954 933807 // Fax: 954 933808

formacion@intervencionsocial.com

www.intervencionsocial.com

## NOVAS DOS BOLETÍNS

### EMPREGO

**Concello de Albal (Valencia):** Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Técnico de Cultura. (BOE de 28 de outubro)

**Auditorio de Galicia:** Bases da convocatoria para a provisión da praza de responsable de exposicións e actividades culturais. (BOP de A Coruña de 29 de outubro)

**Concello de Laxe (A Coruña):** Resolución pola que se anuncia a oferta de emprego público para 2005. Unha praza de Técnico de Intervención Familiar. (BOE de 2 de novembro)

### OUTROS

**Ministerio do Interior:** Orde INT/3176/2005, de 21 de setembro, pola que se convoca o Premio Nacional Victoria Kent 2005, para o fomento da investigación multidisciplinar en materia penal. (BOE de 14 de outubro)

**Ministerio da Presidencia:** Real Decreto 1226/2005, de 13 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica e funcións do Instituto de Maiores e Servizos Sociais. (BOE de 14 de outubro de 2005. Corrección de erros o 15 de outubro)

**Ministerio de Educación e Ciencia:** Orde ECI/3372/2005, de 13 de outubro, pola que se convocan axudas para participar na actividade de "Centros de Educación Ambiental" durante o ano 2006. (BOE de 29 de outubro)

## OUTRAS CONVOCATORIAS

### OFERTAS DE EMPREGO DE

**Oferta N° 951699 Localidade:** Vigo **Provincia:** Pontevedra

**Posto ofrecido:** Monitor/a de tempo libre. Para realizar actividades con nenos, a xornada completa. Imprescindible dispoñibilidade para desprazarse por España. Ata 35 anos.

**Para contactar:** 988391525 e 902116039 (TELEMPREGO CIMO)

### AXUDAS A PROXECTOS DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

**Convoca:** Fundació Un Sol Món. Obra Social Caixa Catalunya.

**Beneficiarios:** Entidades privadas sen ánimo de lucro constituídas legalmente, inscritas no rexistro correspondente con máis de un ano de antelación no momento da publicación da convocatoria e co recoñecemento de entidade de utilidade pública. As entidades poden participar individualmente ou agrupadas nun proxecto común.

**Prezo:** 15 de novembro de 2005.

**Información:** Fundació Un Sol Món.

www.unsolmon.org

Subvenciona:

